



# PLAN DIXITAL

[IES BEADE - Vigo]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

IES BEADE - Vigo

Camiño do Outeiro, 10 - 36312 Beade – Vigo

NIF: Q-8655253-F – Telf. 886 111 030

[ies.beadede@edu.xunta.gal](mailto:ies.beadede@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade>

Impártese ESO + Bacharelato con modalidades de Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais. Na ESO ten 2º e 3º de PMAR.

A día de hoxe conta con 490 alumnos/as (361 na ESO 129 no Bacharelato) e 51 profesores/as.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

#### Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O IES de Beade foi inaugurado no curso 1988-89. Nese momento, era o único centro de Ensino Medio de titularidade pública da zona, abarcando a súa área de influencia: as parroquias de Beade, Valadares, Sárdoma, Moledo, Matamá e Castrelos. Cabe salientar que, na actualidade, o alumnado do centro procede desas parroquias e, ademais, cada vez en maior número, da parroquia de Bembrive. O instituto atópase no extrarradio rural do concello de Vigo, na parroquia de Beade, na que perviven actividades rurais (economía agraria familiar) con outras do sector industrial e de servizos. Na área de influencia do centro, obsérvase unha mestura dispersa de casas labregas con terreos de cultivo e vivendas residenciais unifamiliares con xardíns que, nalgunhas zonas do territorio, se intercalan con pequenas instalacións industriais. O instituto ten como centros de primaria adscritos ós seguintes:

- CPI Sárdoma-Moledo
- CPI Ramón Otero Pedrayo
- CPI Coutada-Beade

A maioría dos pais e, en menor medida, das nais do alumnado traballan no sector industrial, en grandes empresas ou pequenos talleres. Cómpre resaltar a importancia dos avós e as avoas nestes fogares: polo papel cultural que desempeñan, pola súa contribución á economía doméstica coas súas pagas de xubilados e pola súa dedicación ás tarefas do fogar e ao coidado dos netos e netas na ausencia dos proxenitores.

A poboación das parroquias das que procede o alumnado do centro canaliza as súas inquedanzas culturais a través de asociacións culturais e veciñais existentes en todas elas e que manteñen vivas as súas tradicións culturais, ao tempo que van incorporando elementos novos, incidindo moi positivamente na calidade de vida nestes contornos.

### *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.*

Considerando os entornos virtuais de aprendizaxe como extensión do concepto de aula no tempo e no espazo que favorece a consecución de obxectivos concretos do currículo, o Plan Dixital de Centro contribuirá ao impulso do uso das ferramentas TIC, tendo principalmente á **Aula Virtual** como elemento fundamental común entre profesorado e alumnado para a comunicación e a aplicación de planos educativos específicos de consolidación e ampliación. Así mesmo, favorecerá a implicación do centro en determinados programas de innovación educativa onde se fomenten o uso das novas tecnoloxías, tales como o Plan Proxecta +, no que actualmente o IES participa dende diversos departamentos.

### *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

Un dos obxectivos previstos na Programación Xeral Anual do curso 22/23 será impulsar a comunicación da comunidade educativa empregando as posibilidades que ofrecen as diversas ferramentas TIC, animando ao profesorado a facer cursos de formación e ofrecéndolles orientación e apoio. Tamén aspírase a consolidar as Aulas Virtuais como extensión da aula no tempo e no espazo, permitindo ao alumnado o acceso dende calquera sitio e en calquera momento, especialmente importantes, como se puido comprobar, en situacións de emerxencia sanitaria. O Plan Dixital permitirá bosquejar estratexias de accións para levar a cabo con éxito estes obxectivos.

#### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

#### **1.4. Proceso de elaboración**

Para levar a cabo o Plan Dixital de Centro seleccionouse un Equipo de Dinamización formado polo Equipo Directivo na súa totalidade. Xunto a el participa o Coordinador do Plan Dixital, seleccionado entre o claustro do profesorado pola súa experiencia previa. Así mesmo, cóntase coa estreita colaboración e asesoramento da Coordinadora de PFPP e responsable da Aula Virtual. As diversas actividades a executar son examinadas en común, traballadas e abordadas, segundo as súas características, de xeito individual ou colectivo. Dentro dos obxectivos previstos no Plan Dixital para o curso 22/23, o equipo directivo, especialmente xefatura e dirección, xunto co coordinador do Plan e a coordinadora de PFPP terán máis protagonismo na posta en práctica das actividades previstas para a súa consecución.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro dispón de conexión cableada a internet proporcionada pola Consellería. Ademais diso, ten a súa propia conexión sen fíos (wifi). O centro participou no 2017 no programa “Escolas conectadas”, co fin de posibilitar o acceso a redes de banda ancha ultrarrápida, proporcionando unha velocidade mínima de acceso de 110 Mbit/s. Dita actuación veu acompañada do despregamento de cableado e instalación do equipamento de rede necesario para tal fin.

Existen 2 aulas amplas de informática e unha de menores dimensións dotadas de ordenadores de sobremesa con conexión a internet. En todas as aulas o profesorado conta cun portátil con conexión a internet. Tamén, en moitas das aulas dispónse de pantallas dixitais ou canóns de proxeccións, aínda que as aspiracións do centro é lograr a completitude de pantallas dixitais en todas as aulas.

Na aula de 2º de PMAR o alumnado ten 4 ordenadores portátiles para o seu uso. Na biblioteca, ademais do ordenador de sobremesa dos responsables, o alumnado ten á súa disposición para consultas e traballos 4 ordenadores de sobremesa, todos con conexión á rede.

Para axuda dos docentes, existe na sala do profesorado un ordenador de sobremesa. Así mesmo, dispoñen dunha pequena sala específica con acceso a catro ordenadores de sobremesa. Todos con conexión á rede.

Alén disto, o IES recibiu, a principio do curso, 38 kits (ordenador portátil acompañado dun router de conexión a Internet sen fíos) co obxecto de ser prestados a estudantes en situación de risco de fenda social tecnolóxica e así garantir a igualdade nas condicións de acceso a Internet. Esta medida enmárcase dentro do programa “Educa en Dixital Galicia”, asinado pola Xunta de Galicia, Red.es e o Ministerio de Educación e Formación Profesional. Debido á actualización das directrices, estes kits puideron ser empregados no centro educativo para calquera outro uso. Así, puxéronse 4 destes kits a disposición da Biblioteca para que o alumnado realizase buscas de información e documentación. Tamén están como recurso para que calquera docente faga uso deles na aula segundo as súas necesidades educativas.

O centro ten contratados os servizos dunha empresa externa privada para a revisión, mantemento e arranxo dos dispositivos, redes e demais aparellos tecnolóxicos, para o cal acordouse a súa presenza unha vez á semana para levar a cabo as oportunas revisións das incidencias marcadas. A renovación do material obsoleto e a adquisición de equipamento necesario faise acotío con dita empresa ou procurando ofertas noutros puntos de venda. Fóra diso, cóntase coa axuda da UAC sempre e cando as problemáticas teñan que ver coa instalación de rede feita pola Consellería.

A comunidade educativa emprega diversos servizos dixitais educativos, tanto corporativos como non corporativos. Entre os primeiros subliñaremos a Aula Virtual, o espazo Abalar, a páxina web do centro, o correo electrónico, etc. Entre os segundos, salientamos o correo con dominio iesbeade.org

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE.** Inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3.7	3.7		
	Profesorado		3.1	3.4		
	Alumnado		-	-		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2.8	3.3		
	Profesorado		2.9	3		
	Alumnado		2.7	1.9		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3.6	3.6		
	Profesorado		3.3	3.3		
	Alumnado		2.9	2.6		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3.6	3.8		
	Profesorado		3.3	3.6		
	Alumnado		-	-		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3.7	3.6		
	Profesorado		3.7	4.1		
	Alumnado		3.5	3.6		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3	3.4		
	Profesorado		3.1	3.5		
	Alumnado		2.9	2.8		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3	3.1		
	Profesorado		2.9	2.8		
	Alumnado		2.4	2.1		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3.6	3.4		
	Profesorado		3.2	3.3		
	Alumnado		2.9	2.7		

### Test CDD:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	34	36	94,4%
PROVISIONAL	4	4	100%
INTERINO	7	8	87,5%
SUBSTITUTO	6	8	75%
OUTROS	1	1	100%

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	74,3	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)
BAC	78,9	Integrador/a (B1)	78,4	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0
A2	16	30,8%
B1	27	51,9%
B2	8	15,4%
C1	1	1,9%
C2	0	0
TOTAL	52	100%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o Test CDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Dispositivos dixitais para o ensino. Dispoñibilidade de 3 aulas de informática ben equipadas. Acceso a internet con asistencia técnica externa.	Obsolescencia de determinados dispositivos informáticos. Complicación para a súa substitución.
	PERSOAL DOCENTE	Educación e implicación no uso responsable das novas tecnoloxías. Adaptación ás necesidades do alumnado. Actualización e aproveitamento da Aula Virtual do centro.	Necesidades desenvolvemento profesional continuo. Creación de recursos dixitais. Cultura de retroalimentación e autorreflexión no alumnado sobre a aprendizaxe empregando tecnoloxías dixitais. Proxectos interdisciplinares. Competencia para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais.
	ALUMNADO	Carácter transversal da adquisición de novas habilidades dixitais por parte do alumnado. Observación estrita das políticas de protección de datos.	Competencia por parte do alumnado para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais.
	FAMILIAS	Comunicación coa comunidade educativa.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Uso das tecnoloxías dixitais para a colaboración con outras organizacións

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Fenda dixital: medidas para identificar ensino mixto. Programa educa en dixital Participación no Desenvolvemento Profesional Continuo	Dispositivos para o alumnado. Equipos informáticos subministrados limitados. Dificultades ou nula respostas na substitución. Recortes económicos nos orzamentos.
	LEXISLACIÓN		Modificacións e cambios continuos nas leis que afectan ao sistema educativo
	CONTORNA		Diferenzas e diversidade socio-económicas que implican máis necesidades.
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Proxecto de formación permanente do profesorado.	
	FAMILIAS		Dificultades para recibir información por vía telemática.
	PERSOAL DOCENTE		Temporalidade dunha grande parte do cadro de persoal.



### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO seleccionáronse obxectivos prioritarios determinando as áreas onde se pretendía actuar. Os obxectivos debían cumprir as características denotadas polo acrónimo SMART (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e temporalizados, é dicir, axustados a un marco temporal) Así mesmo, os obxectivos debían estar contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg (é dicir, o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes) O deseño do Plan de Acción foi realizado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital en estreita colaboración coa coordinadora do PFPP e as necesidades observadas no claustro. Elixíronse uns obxectivos buscando que solucionasen as debilidades detectadas na análise DAFO ou que puidesen afrontar as ameazas aproveitando as fortalezas e oportunidades tamén observadas en dita análise.

As áreas prioritarias de acción elixidas foron o “Desenvolvemento profesional continuo” e a “Creación de recursos dixitais” que afectaría especialmente ao persoal docente.

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolle información relativa aos indicadores de obxectivos, así como os seus valores de partida e de chegada que se procuran. Acompañando a isto, buscáronse unha serie de acción para acadar cada obxectivo, elixindo aos responsables dos mesmos e acordando unha temporización e determinando os recursos necesarios. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan (consultar o documento coas recomendacións para a elaboración dos obxectivos).

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Con respecto a necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, o centro adoece a nivel de equipamento, xa que precisaría:

- Substitución de dispositivos tecnolóxicos obsoletos nas aulas de informática, biblioteca, sala de profesorado e departamentos.
- Novos dispositivos portátiles para laboratorios e departamentos.
- Aulas dixitalizadas con conectividade e posibilidade de visualización e interacción: Pantallas dixitais en todas as aulas.
- Carros para a creación das aulas móbiles e dispositivos asociados a eles.

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para obxectivo 1 – IES BEADE (Vigo)

<b>“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo. Necesidades de desenvolvemento profesional continuo (ítem D1)</b>						
<b>1. OBXECTIVO (3):</b>	Identificar e subsanar as necesidades de desenvolvemento profesional dixital continuo no persoal docente				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinadora do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) no centro / Xefatura de Estudos				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxes de participación do persoal docente en cursos de formación dixital e tecnolóxico no presente ano.					
<b>Valor de partida (3)</b>	40%					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	70%			Ao remate do curso 2023		
<b>ACCIONS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Ofertar cursos de formación presenciais ou virtuais dende o centro enfocados no obxectivo marcado.</b>	Coordinadora do PFPP do centro / Xefatura de Estudos	2º trimestre	Convocatoria. Aulas de informática.	Observación da participación. Avaliación das actividades propostas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Creación dun seminario permanente para a reflexión, colaboración e mellora do proceso.</b>	Coordinadora do PFPP do centro / Xefatura de Estudos	3º trimestre	Convocatoria. Actas de reunións.	Observación da implicación. Avaliación das propostas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para obxectivo 2 – IES BEADE (Vigo)

<b>“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoio e recursos. Creación de recursos dixitais (ítem E2)</b>						
<b>1. OBXECTIVO (3):</b>	Incrementar a creación de recursos dixitais por parte do persoal docente na Aula Virtual do centro				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinadora do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) no centro / Xefatura de Estudos				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxes de desenvolvemento ou creación de recursos dixitais no presente ano por parte do persoal docente na Aula Virtual do centro					
<b>Valor de partida (3)</b>	50%					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	75%			Ao remate do curso 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Ofertar cursos de formación presenciais ou virtuais dende o centro enfocados no obxectivo marcado.</b>	Coordinadora do PFPP do centro / Xefatura de Estudos	2º trimestre	Convocatoria. Aulas de informática.	Observación da participación. Avaliación das actividades propostas.	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Creación dun seminario permanente para a reflexión, colaboración e mellora do proceso.</b>	Coordinadora do PFPP do centro / Xefatura de Estudos	3º trimestre	Convocatoria. Actas de reunións. Aula Virtual do centro.	Observación da implicación. Avaliación das actividades propostas na Aula Virtual do centro.	<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Axuda empregada para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que carrexen un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

#### 4. Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións para cada obxectivo baseándonos nos criterios elixidos, tal e como aparece resumido nas táboas previas dos obxectivos marcados do Plan Dixital, a análise e valoración dos resultados (realizada, aprazada, pendente) e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

#### 5. Difusión do plan

A estratexia para darlle publicidade e difusión ao plan dixital entre toda a comunidade educativa será o seguinte:

- Presentalo en Claustro e no Consello Escolar.
- Subilo á páxina web do Centro.